

GUÍA DE LECTURA



| | |
|--|--|
|  <p>CD. "Eu teño un can"</p> | <p>Traballo impulsado pola "Unión de Protectoras de Animais Federadas de Galicia" co obxectivo de fomentar entre a xente nova a necesidade de coidar a nosa contorna, o medio ambiente e aos animais e prantas a través da música.</p> |
|  | <p>Fabio é un can diferente. Non lle gusta nada do que lle gusta aos outros cans. Un día, Max descobre que o seu can desaparece cada noite e decide segui-lo... Unha divertidísima e tenra historia que nos axuda apreciar nosas propias calidades e a entender a diversidade. Quen non se sentiu algunha vez como Fabio?</p> |
|  | <p>Este conto convidanos a coñecer, a poñernos cara a cara cos nosos medos, entendendo cal é a súa orixe e como podemos vencelos afrontándonos a eles.</p> |
|  | <p>Os caprichos de Amelia teñen un tamaño directamente proporcional á súa astucia porque, ante a negativa dos maiores, que mellor estratexia que pedir o imposible? Unha historia de insólitas mascotas a proba de rapaces.</p> |
|  | <p>Cans grandes e pequenos, travesos e obedientes, rueiros e elegantes... aparecen marabillosamente ilustrados nestas páxinas cun final sorprendente.</p> |
|  | <p>Esta sinxela historia da relación entre un can e un gato axuda a proxectar situacións conflitivas na mente dos nenos e a comparalas, consciente ou inconscientemente, con outras experiencias emocionais. Igual que nesta historia, a leducia e a aceptación dos outros fannos sentir agarimo e converten o mal humor en optimismo.</p> |

| | |
|---|---|
|  | <p>Na gran cidade dos cans todos afánanse, todos están moi ocupados e todos fan o mesmo. Pero, de súpeto, aparece unha cadela que non fai o mesmo que todos e iso fai que non atope o seu espazo nestas gran metrópolis. Así que decide facer a maleta para buscar o seu lugar no mundo. Nesta viaxe a protagonista descubrirá que non hai nada malo en ser diferente e volverá alí onde todo comezou para vivir a vida cunha nova perspectiva.</p> |
|  | <p>O soño de Chocolate é a historia dun cachorro que busca un fogar. Un conto que sensibiliza e conciencia, tanto a nenos como a adultos, sobre a tenencia responsable, o respecto aos animais e o coidado das nosas mascotas, estes seres que nos brindan a súa lealdade e amor incondicional.</p> |
|  | <p>Esta é a historia dun can simpático, ben intencionado e impetuoso e o misterio que rodea o seu nome. El cre que se chama Non, pero en realidade iso é o que todo o mundo grita cando fai calquera cousa.</p> |
|  | <p>A meditación é unha ferramenta sinxela e eficaz, que se adapta perfectamente ás necesidades dos pequenos e pódelles achegar beneficios inmediatos. Este libro ofrece historias e exercicios simples e breves que os nenos poderán practicar a diario.</p> |
|  | <p>Pip, un futuro can guía, é o protagonista dun curto animado que mostra un reflexo do que é o seu traballo.</p> <p>https://www.youtube.com/watch?v=ridKV941rWA</p> |